



O cese do profesorado substituto con data 30 de xuño é arbitrario e contrario a dereito segundo unha sentenza

A sentenza, pioneira neste sentido, dá resposta a unha demanda presentada polos servizos xurídicos da CIG-Ensino e abre unha clara expectativa para rematar cos ceses cando non se incorporou a docente titular da praza.

En setembro de 2018 a CIG-Ensino tomou a decisión de abrir unha nova fronte xudicial diante do inmovilismo da Consellaría de Educación á hora de devolver o dereito ao cobro dos meses de verán ao profesorado substituto que traballa 5 meses e medio nun mesmo curso. Este recorte, vixente desde 2012, malia figurar desvergoñadamente no texto do Acordo do Persoal Interino subscrito por outras organizacións sindicais e a Consellaría, mantense na actualidade.

Para o sindicato, unha vez que ese dereito non se garantía, só cabía a opción de acudir de novo á vía xudicial polos ceses indebidos con data 30 de xuño cando o titular da praza non se incorpora a esta. Foi así como en novembro de 2018 entrou na vía xudicial a primeira demanda neste sentido. Como vimos afirmando desde hai xa máis de dous anos, os continuos vaivéns da xustiza en todos os ámbitos (galego, estatal e europeo) obrigan a que conduzámos con cautela as campañas de reclamacións xudiciais, fuxindo das falsas expectativas. Así o fixemos historicamente desde a CIG-Ensino cando conseguimos vía xudicial que o profesorado substituto cobrase as vacacións non desfrutadas (até as sentenzas gañadas pola CIG-Ensino non se cobraban), o cobro dos trienios anteriores a 2007 ou o dos sexenios: abrindo reclamacións puntuais até conseguir que os efectos destas se poidan estender a todo o colectivo do persoal interino e substituto.

No caso que nos ocupa a docente, substituta do corpo de EOI, foi cesada o 30 de xuño, tal e como figuraba na súa toma de posesión, e contratada de novo nos primeiros días de setembro para realizar os exames e avaliacións extraordinarias xa que a docente titular da praza non se incorporou durante o verán e obtivo un

novo destino no concurso de traslados con data 1 de setembro e era precisa a súa presenza no centro para elaborar as probas e avalialas.

A resposta xudicial, coñecida nestes días, dá a razón á CIG-Ensino e considera **"arbitraria"** a fixación da data de 30 de xuño para cesar a unha docente se a titular da praza non se incorpora. A xuíza do xulgado do contencioso de Lugo afirma no fallo que o cese nesa data "perde a razón de ser pola non incorporación da titular e o novo nomeamento en setembro". A sentenza, que é firme e contra a que non cabe recurso, recoñece o dereito a que lle sexan aboadas á docente substituta as **retribucións correspondentes até a finalización ordinaria do curso escolar (14/09/2018) xunto coas cotas da seguridade social.**

A sentenza entra no fondo da cuestión e nela afírmase, coincidindo coa argumentación da CIG-Ensino, que os ceses a 30 de xuño, cando non hai incorporación do titular, vulneran o artigo 24.2.f da Lei 2/2015 de emprego público de Galiza, no que se fixa o cese por reincorporación da persoa titular. Por iso conclúe que estamos diante dun **"trato desigual"** ao respecto do funcionariado de carreira mais tamén do persoal interino con contrato de curso completo, xa que a argumentación empregada pola Consellaría de que no verán non existe actividade lectiva non se sostén cando o resto do profesorado se mantén con contrato en vigor.

A sentenza non senta xurisprudencia nin pode estenderse a todo o profesorado mais debería servirlle á Consellaría como chamada de reflexión antes de que se produza unha escalada de demandas como xa aconteceu con anterioridade. Neste sentido, a CIG-Ensino vén de trasladarlle á conselleira un escrito no que lle solicita que sente a negociar a aplicación desta sentenza a todo o profesorado substituto, así como a retirada nos orzamentos do 2020 do recorte no pago do verán a que traballou 5 meses e medio durante o curso escolar.